



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA CON DATA DE 21 DE ABRIL DE 2016

Asistentes

Presidente: Don Jorge J. Tuñas Caamaño

Sres. Tenentes de Alcalde: Don Manuel Angel Leis Míguez, Dona M^a del Mar García Vidal.

Secretaria : Dona Asunción García Laseca

Interventor: Don Francisco Javier Portela Amor.

No Salón de Plenos da Casa Consistorial, sendo as trece horas e trinta minutos do día vinte e un de abril de dous mil dezaseis, reúnese a Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión ordinaria coa asistencia dos/as Sres/as Tenentes de Alcalde antes relacionados baixo a Presidencia do Sr. Alcalde Don Jorge J. Tuñas Caamaño actuando como Secretaria a titular da Corporación, Dona Asunción García Laseca.

Reunida a Xunta de Goberno Local, cos requisitos formais esixidos polo vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en particular co cuórum de asistencia necesario segundo dispón a referida norma, a Presidencia declara aberta a sesión , celebrándose de acordo coa seguinte Orde do Día:

PRIMEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 7 DE ABRIL DE 2016.

Ó non haber intervencións a devandita acta é aprobada por unanimidade.

SEGUNDO.- ACTOS DE USO DO SOLO E DO SUBSOLO SUXEITOS A COMUNICACIÓN PREVIA E OUTRAS ACTUACIÓNS URBANÍSTICAS.

2.1.- Visto o escrito presentado por **Don Oscar Dominguez Gorgal**, con enderezo no Lugar de Tuñas, 18 - Aro, no que solicita licenza municipal para tenencia de animais clasificados como potencialmente perigosos, neste caso a tenencia dun can de raza American Staffordshire Terrier. Vista a documentación que obra no expediente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes adoptou o seguinte acordo:

Conceder, de acordo coa lexislación en vigor e de acordo coa Ordenanza municipal vixente, reguladora da licenza pola tenencia de animais potencialmente perigosos, a don Oscar Dominguez Gorgal a licenza solicitada para a tenencia do can de nome "Kronos" de raza American Staffordshire Terrier, co microchip número 941000018586571.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

2.2.- Visto o expediente presentado pola **Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria**, relativo ó expediente Clave:

IN407A 2015/262-1 no que solicita informe previo relativo á solicitude para a obra, cambio de sección NEG 811 en A Baña e Negreira, presentada por Unión Fenosa Distribución, S.A. Visto o Informe do Aparellador Municipal don José Luis Gómez Cores de data 18 de abril de 2016, esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes INFORMA o seguinte: Que, por parte deste Concello, préstase conformidade á solicitude referida.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

2.3.- Visto o escrito presentado por **Dona Sofía Gorgal Negreira**, con enderezo na rúa Patrocinio, 3, desta Vila e termo municipal, no que solicita certificación urbanística da finca sita no P.K. 0+200 M.D, da carretera provincial D.P.5602. Visto o Informe emitido polo Aparellador Municipal, don José Luis Gómez Cores de data 8 de abril de 2016, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda informar o seguinte:

Que según o P.X.O.M. de Negreira, a referida finca, ten a clasificación de Solo de Núcleo Rural Tradicional de Casarío Disperso, carecendo de aliñacións marcadas no citado instrumento.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

2.4.- Don Jorge González Fernández, con enderezo na Avda. das Brañas nº 26-3º, desta Vila e termo municipal, **en nome e representación da Comuniade de Propietarios do Edificio sito no Camiño Vello nº 9**, presenta comunicación previa de actos de uso do solo e do subsolo para colocación de chapa no penal lateral do edificio, sito na rúa Camiño Vello nº 9, desta Vila e termo municipal. Vista a documentación aportada, e o informe emitido polo Aparellador Municipal Don José Luís Gómez Córes de data 8 de abril de 2016. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda o seguinte

Primeiro.- Proceder a declarar completa a documentación presentada xunto a Comunicación Previa de referencia, en base ó disposto polos artigos 142.3 e 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Segundo.- En todo caso, cumpríranse as disposicións da normativa urbanística, na que se inclúe o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Negreira, en particular as condicións que sinala no seu informe o Aparellador Municipal:

- Se para a realización das obras fose necesaria a ocupación da vía pública, ésta terá que ser solicitada antes do comezo das mesmas..

Terceiro.- A persoa interesada deberá aboar o importe tributario que corresponda, consonte a Ordenanza Fiscal en vigor.



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail:correo@concellodenegreira.es

Cuarto.- Este procedemento non entra no dereito de propiedade e articúlase sen prexuízo de terceiro, consonte establece no art. 6 da Ordenanza Reguladora do Procedemento de Control do Exercicio de Actividades ou Servizos Suxeitos a Comunicación Previa ou Declaración Responsable, publicada no B.O.P de A Coruña nº 14 de data 21 de xaneiro de 2013.

Quinto.- O prazo de inicio das obras é o establecido na Comunicación Previa.

Os dereitos derivados deste procedemento extinguiranse polas mesmas causas que as establecidas para as licenzas e, en todo caso, polo transcurso de dezaoto meses a contar dende o día seguinte ó do recibo da notificación deste acordo, sen dar remate ás obras comunicadas. (art.18 da Ordenanza Reguladora do Procedemento de Control do Exercicio de Actividades ou Servizos Suxeitos a Comunicación Previa ou Declaración Responsable, publicada no B.O.P de A Coruña nº 14 de data 21 de xaneiro de 2013).

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

2.5.- Don Rubén Tuñas Ponte, con enderezo no lugar de Couso de Arriba nº 9 - Campolongo, deste termo municipal, **en nome e representación de Dona Elcira Ponte González**, presenta comunicación previa de actos de uso do solo e do subsolo para arranxo de almacén anexo á vivenda, paredes a base de morteiro, colocación de planchas de fibrocemento e de tella do país, sita na rúa Tourio, nº 4 - Campos, desta Vila e termo municipal. Vista a documentación aportada, e o informe emitido polo Aparellador Municipal Don José Luís Gómez Córes de data 18 de abril de 2016. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda o seguinte

Primeiro.- Proceder a declarar completa a documentación presentada xunto a Comunicación Previa de referencia, en base ó disposto polos artigos 142.3 e 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Segundo.- En todo caso, cumpríranse as disposicións da normativa urbanística, na que se inclúe o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Negreira

Terceiro.- A persoa interesada deberá aboar o importe tributario que corresponda, consonte a Ordenanza Fiscal en vigor.

Cuarto.- Este procedemento non entra no dereito de propiedade e articúlase sen prexuízo de terceiro, consonte establece no art. 6 da Ordenanza Reguladora do Procedemento de Control do Exercicio de Actividades ou Servizos Suxeitos a Comunicación Previa ou Declaración Responsable, publicada no B.O.P de A Coruña nº 14 de data 21 de xaneiro de 2013.

Quinto.- O prazo de inicio das obras é o establecido na Comunicación Previa.

Os dereitos derivados deste procedemento extinguiranse polas mesmas causas que as establecidas para as licenzas e, en todo caso, polo transcurso de dezaioito meses a contar dende o día seguinte ó do recibo da notificación deste acordo, sen dar remate ás obras comunicadas. (art.18 da Ordenanza Reguladora do Procedemento de Control do Exercicio de Actividades ou Servizos Suxeitos a Comunicación Previa ou Declaración Responsable, publicada no B.O.P de A Coruña nº 14 de data 21 de xaneiro de 2013).

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

2.6.- Visto o escrito presentado por **Don Pablo Ruso Calvo**, con enderezo na Avda. das Brañas nº 36 – 4º I, desta Vila e termo municipal, **en nome e representación de Don Roberto Ruso Garcia e Dona Obdulia Calvo Mayo**, no que solicita Certificado de que o edificio sito na Avda. de Feiraco nº 1, desta Vila e termo municipal, non ten aberto expediente de reposición da legalidade urbanística. Visto o Informe emitido polo Aparellador Municipal don José Luis Gómez Cores, de data 18 de abril de 2016, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, adoptou o acordo de INFORMAR o seguinte: Que, según a documentación que obra no expediente, a edificación sinalada co número 1 sita na Avda. de Feiraco, desta Vila e termo municipal, non está incurso en expediente algún de reposición da legalidade urbanística.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

2.7.- Visto o escrito presentado por **Dona María Álvarez Sancho**, con enderezo na rúa recoletos nº 19 – 3º Izq. 28001 - Madrid, **en nome e representación de ST. CONSULTORES**, no que solicita certificación urbanística da parcela coa referencia catastral nº 1311306NH2511S0001RQ, sita na rúa Xulián Magariños, desta Vila e termo municipal. Visto o Informe emitido polo Aparellador Municipal, don José Luis Gómez Cores de data 18 de abril de 2016, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda informar o seguinte:

Que según o P.X.O.M. de Negreira, a finca coa Referencia Catastral nº 1311306NH2511S0001RQ, ten a clasificación de solo urbano e a calificación de Solo Urbano Consolidado de Casco Medio, séndolle de aplicación o artigo 93.

Artigo 93.

(Correxido polo Informe Favorable do Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia emitido o 16 de abril de 1999).

Ordenanza reguladora 2, Casco medio.

1.- A ordenación farase, por regra xeral, en edificación continua entre medianeiras.

A concesión da licenza estará sempre condicionada a previa cesión gratuita de todos os espazos da mesma parcela afectados polas vías ou por zonas verdes



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

públicas, así coma a dos espazos do vial no tramo ó que da a fronte da edificación proxectada aínda que pertencen a outras parcelas.

2.- A parcela mínima edificable terá 100 m², ó fronte mínimo ó espazo público será de 8,00 m., o fondo mínimo dende o espazo público será de 6,00 m., o fondo máximo edificable será en plantas altas de 14,00 m. As parcelas terán unhas extremas que incidirán coas alineacións de fachada cun ángulo comprendido entre 75° e 105°, sendo obrigatoria a reparcelación entre parcelas contiguas no caso de non cumprir esta condición para poder solicitar licenza de obras, esta circunstancia farase constar polo Concello ó expedir a Cédula urbanística. Cando a configuración dunha parcela rodee completamente a outra que non reúna as condicións mínimas para ser edificable, non se lle poderá conceder licenza de non adquirir e incluír do sobrante non edificable no mesmo proxecto.

3.- A altura máxima da edificación será de planta baixa e tres pisos (4,00+3x3,00=13,00 m.). Permitirase ata dúas plantas de sótano baixo a rasante e en aproveitamento baixo cuberta. No caso de edificios que teñan fachada a rúas en pendente ou a varias rúas, a altura da edificación computarase con referencia á cota no centro de cada tramo de fachada, independentemente de por onde teña o acceso.

4.- Solo se poderán facer corpos volados nas fachadas que den a vías públicas. Nas traseiras dos edificios poderá permitirse un voo con uso exclusivo de tendedeiro e cunha lonxitude que non poderá chegar á metade da lonxitude da fachada da que voe, recaudándose un mínimo de 1,00 metro da parcela colindante, esta superficie de voos nunca se poderá computar a efectos de superficie de patios de luces ou de mazás.

Os corpos voados terán que estar como mínimo a 3,60 m. da rasante da rúa medidos no punto máis desfavorable. O voo separarase como mínimo da medianeira 25 cm. nas fachadas que den a vías públicas, a lonxitude máxima dos voos será o 10% do ancho da rúa como máximo de 1,00 m.

5.- Os parámetros volumétricos establecidos nos puntos 1, 2 e 3 da presente ordenanza reguladora, entenderáse coma parámetros máximos, permitíndose as solucións constructivas que non cheguen a agotar o volumen edificable que corresponda á parcela, coa excepción á que se refire o punto 6.

6.- A fin de evitar a aparición de medianeiras vistas, cara o medio rural nos bordos do núcleo de Negreira, as edificacións sitas nesta ordenanza cuxas parcelas sexan bordo do solo urbano en lindes con outras parcelas rurais, haberán de retranquearse tres metros do linde e este paramento terá que tratarse coma a fachada principal debendo necesariamente contar con hocos. Coa mesma finalidade de minimizar o impacto territorial das novas edificacións

o anteriormente disposto tamén aplicárase ós fondos edificables das parcelas cuxo fondo limite có entorno rural.

7.- Usos permitidos: En plantas baixas permitiránse: almacéns, asistencial benéfica, comercial, docente, espectáculos, garaxe, hoteleiro, industrial a ou b, oficiñas, relixioso, reunións, sanitario e verde. En plantas altas: almacéns, asistencial benéfica, comercial, docente, hoteleiro, industrial a ou b, oficiñas, relixioso, reunións e vivendas.

Por cada 80 m² construídos de uso residencial, (vivenda plurifamiliar ou hoteleiro) será necesario dispoñer no mesmo edificio de 20 m². de uso de garaxe ou aparcamento. En canto ás superficies construídas de usos no residencial, por cada 100 m²., será necesario dispoñer dentro da parcela de outros 20 m². de uso de garaxe ou aparcamento.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

2.8.- Dona Susana Barca Pereiras, con enderezo no lugar de Reibó nº 12 - Liñaio, deste termo municipal, **en nome e representación de Don Marcos Otero Otero**, presenta comunicación previa de apertura e/ou actividade de exposición e venta de recambios de automóvil e venta e reparación de neumáticos, sito na Avda Vilachán nº 18, desta Vila e termo municipal. Visto o informe emitido polo Aparellador Municipal Don José Luís Gómez Córes, de data 4 de abril de 2016, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda proceder á toma de razón da apertura e desenvolvemento da actividade referida ós efectos dos artigos 24 e ss. da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do Emprendemento e da Competitividade Económica de Galicia e da Ordenanza municipal reguladora do procedemento de control do exercicio de actividades ou servizos suxeitos a comunicación previa ou declaración responsable. Deberá ingresar as taxas correspondentes, segundo a Ordenanza en vigor correspondente, nas arcas municipais, requisito sen o cal a licenza non terá efecto ningún.

Esta toma de razón está condicionada á presentación de nomeamento de técnico encargado da dirección das obras e de coordinador de seguridade e saúde.

Deberán cumprirse os parámetros urbanísticos establecidos no PXOM, para o uso comercial, art.48, e que non se poderá dedicar, en ningún caso a uso de taller

Antes do inicio da actividade deberá presentar un certificado de aillamento acústico emitido por empresa autorizada conforme ó estipulado no artigo 11 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

2.9.- Don Gonzalo Miguel Varela Reiriz, con enderezo na rúa Ulla nº 13 – 5º D, 15702 - "Santiago de Compostela, **en representación de**



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail:correo@concellodenegreira.es

“GESTION DEL VALOR Y SOLUCIONES S.L.”, presenta comunicación previa de apertura e/ou actividade para fabricación de equipos de potabilización e depuradoras, sito na parcela nº 28 do Polígono Industrial de Negreira, deste termo municipal. Visto o informe emitido polo Arquitecto Municipal, Don Alfredo Varela Nogueira de data 28 de marzo de 2016, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda proceder á toma de razón da apertura e desenvolvemento da actividade referida ós efectos dos artigos 24 e ss. da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do Emprendemento e da Competitividade Económica de Galicia e da Ordenanza municipal reguladora do procedemento de control do exercicio de actividades ou servizos suxeitos a comunicación previa ou declaración responsable. Deberá ingresar as taxas correspondentes, segundo a Ordenanza en vigor correspondente, nas arcas municipais, requisito sen o cal a licenza non terá efecto ningún.

Esta toma de razón está condicionada ás seguintes condicións:

- 1.- No caso de producir residuos perigosos, deberá solicitar a inscrición no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, como pequeno produtor de residuos perigosos no caso de producir menos de 10 Tn anuais de residuos perigosos, ou como produtor de residuos perigosos en caso de superar a antedita cantidade. Todo elo segundo o establecido no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia (DOG nº 124, do 29 de xuño de 2005).
- 2.- No caso de producir residuos non perigosos, deberá solicitar a inscrición no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, como produtor de residuos non perigosos no caso de producir máis de 1000 Tn anuais de residuos non perigosos. Todo elo segundo o establecido no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia (DOG nº 124, do 29 de xuño de 2005).
- 3.- Deberá dispor de arquivo físico e/ou telemático onde se recolla por orde cronolóxico a cantidade, natureza, orixe, destino e método de tratamento dos residuos, de acordo o artigo 40 da Lei 22/2011. Os produtores de residuos perigosos de máis de 10 t/ano, produtores de residuos non perigosos de máis de 1000 t/ano, xestores de residuos perigosos e xestores de non perigosos que realicen actividade de eliminación en vertedoiro, están obrigado a manter o libro de rexistro utilizando as aplicacións informáticas dispoñibles no SIRGA de acordo o decreto 59/2009, do 26 de febreiro, polo que se regula a rastrexabilidade dos residuos.
- 4.- O transporte de residuos perigosos ata os xestores autorizados, deberá realizarse por transportistas rexistrados. Os traslados de residuos perigosos realizaranse do xeito indicado no Real Decreto 833/1998, do 20 de xullo, e/ou no Decreto 221/2003, do 27 de marzo.

- 5.- Os envases nos que se almacenen os residuos perigosos, así como os seus peches, deberán ser resistentes e estar en bo estado, e contar cos dispositivos axeitados que garantan a non existencia de fugas ou derrames sobre o solo (cuberto de seguridade), segundo o establecido no Real Decreto 833/88, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 20/1986 de residuos perigosos (BOE nº 182, do 30 de xullo de 1988). Así mesmo, os residuos perigosos deberán estar etiquetados segundo o establecido neste Real Decreto.
- 6.- Condicionado a que de acordo coas leis 10/1998 (BOE nº 96 do 22 de abril de 1998) e 10/2008 (DOG nº 224 do 2 de novembro de 2008) e a Orden M.A.M./304/2002, de 8 de febreiro pola que se publican as operacións de valoración e eliminación de residuos e a lista europea de residuos (BOE nº 43, do 19 de febreiro de 2002) xestione axeitadamente os residuos, tendo en conta a recollida selectiva de lixo.
- 7.- A hora de seleccionar os xestores de residuos darase prioridade a aqueles que destinan os residuos a operacións de reutilización e/ou valorización, fronte aqueles que optan pola eliminación como tratamento final.
- 8.- Os residuos xerados durante as operacións de mantemento e reparación dos equipos, considéranse producidos pola empresa titular da actividade na que participan ditos equipos, polo que será a súa responsabilidade entregalos a xestor autorizado, que poderá ser a empresa de mantemento, sempre e cando esta, teña autorización como xestor de residuos ou coma transportista e entregando a xestor autorizado final.
- 9.- Todos os residuos que se xeren como consecuencia da instalación, explotación e desmantelamento deberán ser entregados a xestores autorizados e inscritos no Rexistro de Produtores e Xestores de Residuos.
- 10.- O almacenamento dos residuos non perigosos será por tempo inferior a dous (2) anos, se o seu destino é a valorización, e un (1) ano se é a eliminación.
- 11.- Para os residuos líquidos e/ou pastosos deberá dispoñer contención secundaria a fin de evitar posibles derrames accidentais durante o proceso de almacenamento.
- 12.- Deberá entregar os aparellos eléctricos e electrónicos usados para que se xestionen correctamente, conforme ao disposto no artigo 4, do RD 208/2005, do 25 de febreiro, sobre aparellos eléctricos e electrónicos, e a xestión dos seus residuos.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

2.10.- Don Francisco Tuñas Agra, con enderezo na rúa Bosque 32-U, Peregrina, 15220 - Bertamirans, presenta comunicación previa de actos de uso do solo e do subsolo para levantar valado co mesmo material (pedra), sita na finca coa Referencia Catastral nº 4214101NH2541S0001DD, no lugar de Piñeiro nº 6 – Portor, deste termo municipal. Vista a documentación aportada, e o informe emitido polo Aparellador Municipal Don José Luís Gómez Córés de data 20 de abril de 2016. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda o seguinte

Primeiro.- Proceder a declarar completa a documentación presentada xunto a Comunicación Previa de referencia, en base ó disposto polos artigos 142.3 e 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Segundo.- En todo caso, cumpríranse as disposicións da normativa urbanística, na que se inclúe o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Negreira, en particular as condicións que sinala no seu informe o Aparellador Municipal:

- Só existe valado de pedra no seu linde Leste e o fronte á estrada municipal cunha altura media de 1,10 metros.
- Só se poderá levantar o valado na mesma liña que ten hoxe en día, o situado no vento Leste da finca, é dicir, no acceso o núcleo de Piñeiro e ata unha altura máxima de 2,50 metros.
- Respecto o valado existente fronte á estrada municipal, non é permisible a súa elevación, xa que o peche debe situarse a catro metros do eixe da estrada, e dicir unha distancia de 1,30 metros hacia dentro do existente.
- Nos outros lindes da finca non existe valado algún, polo que enténdese que non se está solicitando peche da finca neles.

Terceiro.- A persoa interesada deberá aboar o importe tributario que corresponda, consonte a Ordenanza Fiscal en vigor.

Cuarto.- Este procedemento non entra no dereito de propiedade e artículase sen prexuízo de terceiro, consonte establece no art. 6 da Ordenanza Reguladora do Procedemento de Control do Exercicio de Actividades ou Servizos Suxeitos a Comunicación Previa ou Declaración Responsable, publicada no B.O.P de A Coruña nº 14 de data 21 de xaneiro de 2013.

Quinto.- O prazo de inicio das obras é o establecido na Comunicación Previa.

Os dereitos derivados deste procedemento extinguiranse polas mesmas causas que as establecidas para as licenzas e, en todo caso, polo transcurso de dezaioito meses a contar dende o día seguinte ó do recibo da notificación deste acordo, sen dar remate ás obras comunicadas. (art.18 da Ordenanza

Reguladora do Procedemento de Control do Exercicio de Actividades ou Servizos Suxeitos a Comunicación Previa ou Declaración Responsable, publicada no B.O.P de A Coruña nº 14 de data 21 de xaneiro de 2013).

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

2.11.- Dona Nuria Blanco Paz, con enderezo na rúa Lisboa – Edificio Area Central, Local 31, H-I-J, Polígono Fontiñas , 15703 - Santiago de Compostela, presenta comunicación previa de actos de uso do solo e do subsolo para acometida directa para suministro de gas natural, sita na rúa corzán nº 9, desta Vila e termo municipal. Vista a documentación aportada, e o informe emitido polo Aparellador Municipal Don José Luís Gómez Córes de data 20 de abril de 2016. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda o seguinte

Primeiro.- Proceder a declarar completa a documentación presentada xunto a Comunicación Previa de referencia, en base ó disposto polos artigos 142.3 e 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Segundo.- En todo caso, cumpríranse as disposicións da normativa urbanística, na que se inclúe o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Negreira, en particular as condicións que sinala no seu informe o Aparellador Municipal:

- Fíxase un Aval para responder da reposición dos servizos e infraestructuras afectadas polo importe de 228,00 €.

Terceiro.- A persoa interesada deberá aboar o importe tributario que corresponda, consonte a Ordenanza Fiscal en vigor.

Cuarto.- Este procedemento non entra no dereito de propiedade e artículase sen prexuízo de terceiro, consonte establece no art. 6 da Ordenanza Reguladora do Procedemento de Control do Exercicio de Actividades ou Servizos Suxeitos a Comunicación Previa ou Declaración Responsable, publicada no B.O.P de A Coruña nº 14 de data 21 de xaneiro de 2013.

Quinto.- O prazo de inicio das obras é o establecido na Comunicación Previa.

Os dereitos derivados deste procedemento extingúiranse polas mesmas causas que as establecidas para as licenzas e, en todo caso, polo transcurso de dezaioito meses a contar dende o día seguinte ó do recibo da notificación deste acordo, sen dar remate ás obras comunicadas. (art.18 da Ordenanza Reguladora do Procedemento de Control do Exercicio de Actividades ou Servizos Suxeitos a Comunicación Previa ou Declaración Responsable, publicada no B.O.P de A Coruña nº 14 de data 21 de xaneiro de 2013).

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

TERCEIRO.- LICENZAS URBANÍSTICAS:

3.1.- SOLICITUDE QUE FORMULA DONA SUSANA BARCA PEREIRAS, EN REPRESENTACIÓN DE DON MARCOS OTERO OTERO.- EXPEDIENTE Nº 4/2016.

Visto o escrito presentado por **Dona Susana Barca Pereiras**, con enderezo no lugar de Reibó nº 12 - Liñaio, deste termo municipal **en representación de Don Marcos Otero Otero**, no que solicita licenza de obra para adecuación de local para exposición e venta de recambios de automovil e venta e reparación de neumáticos, sito na Avda. de Vilachán nº 18 – baixo esq. desta Vila e termo municipal e segundo o Proxecto redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial, Don Juan Ramón Barreiro Carreño. Vistos os Informes emitidos polo Asesor Xurídico Municipal, Don Javier C. Chantres Barreira, de data 12 de abril de 2016 e o Aparellador Municipal, Don José Luís Gómez Cores de data 4 de abril de 2016, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, acorda:

Primeiro.- Conceder a **Dona Susana Barca Pereiras, en representación de Don Marcos Otero Otero**, a licenza de obra solicitada, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Segundo.- Condiciona-la licenza ó cumprimento das prescricións que figuran nas Normas Urbanísticas e no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Negreira e ás condicións da licenza, en particular ás que se sinala nos devanditos informes:

- Deberán cumprirse os parámetros urbanísticos establecidos no PXOM, para o uso comercial, art.48, e que non se poderá dedicar, en ningún caso a uso de taller.
- Deberá nomear técnico encargado da dirección das obras e de coordinador de seguridade e saúde.
- Antes do inicio da actividade deberá presentar un certificado de aillamento acústico emitido por empresa autorizada conforme ó estipulado no artigo 11 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

Terceiro.- A persoa interesada deberá aboar o importe que corresponda, segundo a Ordenanza fiscal en vigor, tanto polo concepto de taxa por licenza urbanística como polo concepto do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, respectivamente.

A súa eficacia queda condicionada ó cumprimento das seguintes condicións xerais:

1.- No caso de obras maiores, deberán axustarse ó planeamento do Técnico Municipal, sendo obriga do promotor e contratista o valado da zona, previa a solicitude de licenza municipal.

2.- A execución da obra axustarase ó solicitado e ós replanteos e croquis que acompañan a solicitude. Calquera modificación suporá a necesidade de nova licenza.

3.- A licenza outórgase a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e deberán cumprirse as obrigas establecidas por outros Organismos.

4.- A presente licenza ensinarase a petición de calquera Axente Municipal.

5.- As fachadas das vivendas quedan suxeitas á servidume de instalacións de pracas e calquera outro tipo de instalacións que o Concello dedique a fins públicos.

6.-Deberán cumprirse as seguintes obrigas no caso de produción de residuos de construción ou demolición:

- Manter a obra en bo estado de orde e limpeza.
- Eliminar ou evacuar os residuos e escombros.
- Xestionar os propios residuos ou entregalas a un xestor autorizado para a súa valorización e/ou eliminación.

O anterior indícase consonte ó establecido nas disposicións seguintes: artigo 9 da Lei 10/1998, de Residuos; o artigo 10 do RD 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción e o Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula o Réxime Xurídico da Producción e Xestión de Residuos e o Rexistro Xeral de Productores e Xestores de Residuos de Galicia.

7.- A licenza outórgase cos seguintes prazos:

- Seis meses para comeza-las obras.
- Tres anos para rematalas.

Os presentes prazos reduciranse á metade cando se trate de obras menores para as que non se esixe proxecto.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

3.2.- SOLICITUDE QUE FORMULA DON GONZALO MIGUEL VARELA REIRIZ, EN REPRESENTACIÓN DE “GESTIÓN DEL VALOR Y SOLUCIONES, S.L.”.- EXPEDIENTE Nº 25/2016.

Visto o escrito presentado por **Don Gonzalo Miguel Varela Reiriz**, con enderezo na rúa Ulla nº 13 – 5º D, 15702 - “Santiago de Compostela, **en representación de “GESTION DEL VALOR Y SOLUCIONES S.L.”**, no que solicita licenza de obra para construción de Nave Industrial, dedicada á fabricación de equipos de potabilización e depuradoras, sita na parcela nº 28 do Polígono Industrial de Negreira, deste termo municipal e segundo o Proxecto Básico e de Execución, redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial, Don Manuel Vilariño Sánchez. Vistos os Informes emitidos polo Asesor Xurídico Municipal, Don Javier C. Chantres Barreira, de data 29 de marzo de 2016 e o Arquitecto Municipal, Don Alfredo Varela Nogueira de data 28 de marzo de 2016, así coma Informe emitido pola Xefa do Servizo de Calidade e



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

Avaliación Ambiental, de data 12 de abril de 2016, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros , acorda:

Primeiro.- Conceder a **Don Gonzalo Miguel Varela Reiriz, en representación de “GESTION DEL VALOR Y SOLUCIONES S.L.”** a licenza de obra solicitada, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Segundo.- Condiciona-la licenza ó cumprimento das prescricións que figuran nas Normas Urbanísticas e no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Negreira e ás condicións da licenza, en particular ás que se sinala nos devanditos informes:

- 1.- No caso de producir residuos perigosos, deberá solicitar a inscrición no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, como pequeno produtor de residuos perigosos no caso de producir menos de 10 Tn anuais de residuos perigosos, ou como produtor de residuos perigosos en caso de superar a antedita cantidade. Todo elo segundo o establecido no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia (DOG nº 124, do 29 de xuño de 2005).
- 2.- No caso de producir residuos non perigosos, deberá solicitar a inscrición no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, como produtor de residuos non perigosos no caso de producir máis de 1000 Tn anuais de residuos non perigosos. Todo elo segundo o establecido no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia (DOG nº 124, do 29 de xuño de 2005).
- 3.- Deberá dispor de arquivo físico e/ou telemático onde se recolla por orde cronolóxico a cantidade, natureza, orixe, destino e método de tratamento dos residuos, de acordo o artigo 40 da Lei 22/2011. Os produtores de residuos perigosos de máis de 10 t/ano, produtores de residuos non perigosos de máis de 1000 t/ano, xestores de residuos perigosos e xestores de non perigosos que realicen actividade de eliminación en vertedoiro, están obrigado a manter o libro de rexistro utilizando as aplicacións informáticas dispoñibles no SIRGA de acordo o decreto 59/2009, do 26 de febreiro, polo que se regula a rastrexabilidade dos residuos.
- 4.- O transporte de residuos perigosos ata os xestores autorizados, deberá realizarse por transportistas rexistrados. Os traslados de residuos perigosos realizaranse do xeito indicado no Real Decreto 833/1998, do 20 de xullo, e/ou no Decreto 221/2003, do 27 de marzo.
- 5.- Os envases nos que se almacenen os residuos perigosos, así como os seus peches, deberán ser resistentes e estar en bo estado, e contar cos

dispositivos axeitados que garantan a non existencia de fugas ou derrames sobre o solo (cuberto de seguridade), segundo o establecido no Real Decreto 833/88, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 20/1986 de residuos perigosos (BOE nº 182, do 30 de xullo de 1988). Así mesmo, os residuos perigosos deberán estar etiquetados segundo o establecido neste Real Decreto.

- 6.- Condicionado a que de acordo coas leis 10/1998 (BOE nº 96 do 22 de abril de 1998) e 10/2008 (DOG nº 224 do 2 de novembro de 2008) e a Orden M.A.M./304/2002, de 8 de febreiro pola que se publican as operacións de valoración e eliminación de residuos e a lista europea de residuos (BOE nº 43, do 19 de febreiro de 2002) xestione axeitadamente os residuos, tendo en conta a recollida selectiva de lixo.
- 7.- A hora de seleccionar os xestores de residuos darase prioridade a aqueles que destinan os residuos a operacións de reutilización e/ou valorización, fronte aqueles que optan pola eliminación como tratamento final.
- 8.- Os residuos xerados durante as operacións de mantemento e reparación dos equipos, considéranse producidos pola empresa titular da actividade na que participan ditos equipos, polo que será a súa responsabilidade entregalos a xestor autorizado, que poderá ser a empresa de mantemento, sempre e cando esta, teña autorización como xestor de residuos ou coma transportista e entregando a xestor autorizado final.
- 9.- Todos os residuos que se xeren como consecuencia da instalación, explotación e desmantelamento deberán ser entregados a xestores autorizados e inscritos no Rexistro de Produtores e Xestores de Residuos.
- 10.- O almacenamento dos residuos non perigosos será por tempo inferior a dous (2) anos, se o seu destino é a valorización, e un (1) ano se é a eliminación.
- 11.- Para os residuos líquidos e/ou pastosos deberá dispoñer contención secundaria a fin de evitar posibles derrames accidentais durante o proceso de almacenamento.
- 12.- Deberá entregar os aparellos eléctricos e electrónicos usados para que se xestionen correctamente, conforme ao disposto no artigo 4, do RD 208/2005, do 25 de febreiro, sobre aparellos eléctricos e electrónicos, e a xestión dos seus residuos.

Terceiro.- A persoa interesada deberá aboar o importe que corresponda, segundo a Ordenanza fiscal en vigor, tanto polo concepto de taxa



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

por licenza urbanística como polo concepto do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, respectivamente.

A súa eficacia queda condicionada ó cumprimento das seguintes condicións xerais:

1.- No caso de obras maiores, deberán axustarse ó planeamento do Técnico Municipal, sendo obriga do promotor e contratista o valado da zona, previa a solicitude de licenza municipal.

2.- A execución da obra axustarase ó solicitado e ós replanteos e croquis que acompañan a solicitude. Calquera modificación suporá a necesidade de nova licenza.

3.- A licenza outórgase a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e deberán cumprirse as obrigas establecidas por outros Organismos.

4.- A presente licenza ensinarase a petición de calquera Axente Municipal.

5.- As fachadas das vivendas quedan suxeitas á servidume de instalacións de pracas e calquera outro tipo de instalacións que o Concello dedique a fins públicos.

6.-Deberán cumprirse as seguintes obrigas no caso de produción de residuos de construción ou demolición:

- Manter a obra en bo estado de orde e limpeza.
- Eliminar ou evacuar os residuos e escombros.
- Xestionar os propios residuos ou entregalas a un xestor autorizado para a súa valorización e/ou eliminación.

O anterior indícase consonte ó establecido nas disposicións seguintes: artigo 9 da Lei 10/1998, de Residuos; o artigo 10 do RD 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción e o Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula o Réxime Xurídico da Producción e Xestión de Residuos e o Rexistro Xeral de Productores e Xestores de Residuos de Galicia.

7.- A licenza outórgase cos seguintes prazos:

- Seis meses para comeza-las obras.
- Tres anos para rematalas.

Os presentes prazos reduciranse á metade cando se trate de obras menores para as que non se esixe proxecto.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

CUARTO.- CONTRATO MENOR DE SERVIZOS PARA A PRESTACIÓN DO DE SEGREGACIÓN, RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRATAMENTO OU VERTIDO DOS RESIDUOS DEPOSITADOS NO PUNTO LIMPO DO CONCELLO DE NEGREIRA.

O próximo 12 de maio remata a vixencia do contrato de servizos de segregación, recollida, transporte e tratamento ou vertido dos residuos depositados no Punto Limpo do Concello de Negreira, suscrito o 12 de maio de 2014 con don Luis Mingo Reiz, representante legal da empresa "Soil Recovery S.L." CIF: B-82.773.615.

Unha vez que foron elaborados os Pregos de cláusulas administrativas particulares do contrato de servizos de segregación, recollida, transporte e tratamento ou vertido dos residuos depositados no Punto Limpo do Concello de Negreira e de prescricións técnicas, que se atopan pendentes de Informe de Secretaría e de Intervención e tendo en conta as datas nas que nos atopamos, nas que pode asegurarse que o expediente de contratación non estará finalizado, nin polo tanto asinado o correspondente documento, antes do próximo día 12 de maio, razón pola cal e vistos os Informes emitidos pola Secretaría e Intervención Municipais, esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, adopta o seguinte acordo:

Primeira.- Que se formalice un contrato menor de servizos para a prestación do de segregación, recollida, transporte e tratamento ou vertido dos residuos depositados no Punto Limpo do Concello de Negreira coa empresa “Soil Recovery S.L.” que está a desenvolverlo na actualidade, por razóns de interese público cuxa satisfacción precisa da continuidade na prestación do servizo.

Segunda.- O contrato menor suxeitarase íntegramente ó prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que constitúe a Lei do contrato en vigor coa empresa “Soil Recovery S.L.”, agás as regras que, por razóns da extensión temporal do contrato, sexan de imposible cumprimento.

Terceira.- O contrato iniciárase o día 13 de maio de 2016 e rematará na mesma data na que se formalice un novo documento contractual coa empresa que resulte adxudicataria no procedemento negociado en curso de tramitación na actualidade.

Cuarta.- Facultar ó Alcalde-Presidente para a sinatura do correspondente contrato.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

QUINTO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE RELATIVO Á CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE SEGREGACIÓN, RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRATAMENTO OU VERTIDO DOS RESIDUOS DEPOSITADOS NO PUNTO LIMPO DO CONCELLO DE NEGREIRA.

Obra no expediente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas para adxudicar por Procedemento negociado a contratación de servizos de segregación, recollida, transporte e tratamento ou vertido dos residuos depositados no Punto Limpo do Concello de Negreira, que será o que regule esta licitación.



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

En cumprimento dos artigos 109 e seguintes así como do artigo 115 do RDL 3/2011, 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e do artigo 67 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar os Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas para adxudicar por Procedemento negociado a contratación de servizos de segregación, recollida, transporte e tratamento ou vertido dos residuos depositados no Punto Limpo do Concello de Negreira.

A continuación do presente acordo transcríbese o contido dos referidos pregos como Anexo.

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación.

Terceiro.- Aperturar o procedemento de adxudicación mediante a publicación do anuncio de licitación no Perfil de Contratante deste Concello de Negreira.

Cuarto.- Que, con posterioridade, se sigan os trámites legais para o remate do expediente.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

ANEXO

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DO CONTRATO DE SERVIZOS DE SEGREGACIÓN, RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRATAMENTO OU VERTIDO DOS RESIDUOS DEPOSITADOS NO PUNTO LIMPO DO CONCELLO DE NEGREIRA

CLÁUSULA PRIMEIRA: OBXECTO E CUALIFICACIÓN DO CONTRATO.-

O obxecto do contrato é realizar o Servizo de segregación recollida, transporte e tratamento ou vertido dos residuos depositados no punto limpo do Concello da Negreira, a ubicar na parcela de resultado nº 15 do correspondente Proxecto de Reparcelación, que se describe como segue:
"Parcela de uso industrial sinalada co número trece (13) no plano parcelario das resultantes da urbanización do Parque Empresarial de Negreira. Ten unha superficie de mil trescentos noventa e dous metros cadrados (1.392 m²) e linda: Fronte, ao Oeste, vial da urbanización; Dereita, ao Sur, vial da urbanización; Esquerda, entrando ao Norte, parcela nº 14; e fondo ou espalda, ao Leste, parcela nº 12-A."

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de servizos tal e como establece o artigo 10 do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

CLÁUSULA SEGUNDA: PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN E ADXUDICACIÓN.-

A forma de adxudicación do contrato de servizos de segregación, recollida, transporte e tratamento ou vertido dos residuos depositados no punto limpo do Concello da Negreira será o procedemento negociado con publicidade, no que a adxudicación recaerá no candidato xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato cun ou varios deles, de acordo co artigo 174 e), 177.2 sensu contrario e 178 do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Declárase a tramitación como urxente para que o servizo continúe a prestarse tras o remate do contrato en vigor que se producirá o 12 de maio de 2016.

CLÁUSULA TERCEIRA: PREZO DO CONTRATO

O prezo do presente contrato ascende á contía de cento vinte e tres mil douscentos euros (123.200,00 €) IVE do 10%, incluído.

O prezo aboarase con cargo á partida **162-227.00** do vixente orzamento municipal.

As tarifas que, no seu caso, deban aboar os usuarios estableceranse pola correspondente Ordenanza Fiscal.

CLÁUSULA CUARTA: DURACIÓN DO CONTRATO

A duración do contrato de servizos de segregación, recollida, transporte e tratamento ou vertido dos residuos depositados no punto limpo do Concello de Negreira será de 4 anos, sen posibilidade de prórroga.

CLÁUSULA QUINTA: PUBLICIDADE DA LICITACIÓN

En cumprimento do disposto polos art. 142.4 e 177.2, TRLCSP, publicarase anuncio no Perfil de Contratante ó efecto de presentación de proposición por parte das empresas interesadas.

CLÁUSULA SEXTA: PRESENTACIÓN DE OFERTAS E DE DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

As ofertas presentaranse no Rexistro Xeral da Casa do Concello en horario de atención ao público de 8.00 h a 15.00 h. de luns a venres e de 10.00 h a 13.00



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

h. os sábados, no prazo de dez días naturais dende o seguinte ao da publicación do anuncio no Perfil do Contrante

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicional polo empresario das cláusulas do presente prego.

As ofertas para tomar parte na negociación presentaranse en tres sobres pechados, asinados polos candidatos e con indicación do domicilio para os efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda Oferta para negociar a contratación da xestión do servizo público de segregación, recollida, transporte e tratamento ou vertido dos residuos depositados no punto limpo do Concello de Negreira. A denominación dos sobres é a seguinte:

- Sobre A: Subtitulado "Documentación".

Os licitadores terán que presentar a seguinte documentación:

A) Declaración responsable.

De conformidade co establecido no artigo 146.4. do TRLCSP que establece :
" O órgano de Contratación, se o estima conveniente, poderá establecer no prego de cláusulas administrativas particulares que a achega inicial da documentación establecida no apartado 1 se substitúa por unha declaración responsable do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa administración. En tal caso, o licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos. En todo caso bastará con esta declaración responsable e só terán que presentar neste sobre a seguinte

DECLARACIÓN RESPONSABLE:

D./D^a con DNIe domicilio en,
actuando en nome propio ou en representación decon
domicilio en....., e en relación co
contrato de execución do servizo

Declara

Que cumpre as condicións establecidas para contratar coa administración, de conformidade co exposto no art. 146.4 do TRLCSP; comprometéndose en caso de ser o licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, a acreditar perante o órgano de Contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos na cláusula 14.2 do prego. De igual modo comprométese a achegar en calquera momento e a requirimento da administración, a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser o adxudicatario do contrato, conforme o parágrafo 2 da epígrafe 4 do artigo 146 do TRLCSP.

(Lugar, data e firma do proponente)

B) Porcentaxe de subcontratación.

Porcentaxe sobre o prezo de adxudicación do contrato que teñan previsto subcontratar, dentro da porcentaxe máxima establecido na Lei sinalando o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia as condicións de solvencia técnica dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización (art. 227.2.a TRLCSP) e axustado ao modelo que se indica no presente apartado.

MODELO DE DECLARACION DE PORCENTAXE DE SUBCONTRATACIÓN

D./D^a..... con DNI e domicilio en provincia de..... rúa nº..... en nome propio ou en representación da empresa..... á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución do servizo :

Título:

Declara que a porcentaxe de subcontratación para este servizo a prezos ofertados será o seguinte:

..... % *

e que se descompón nas seguintes unidades:

(Lugar, data e firma do proponente)

*indicar só o % , non o importe

As ofertas que non indiquen a porcentaxe de subcontratación, que excedan do máximo establecido ou que inclúan o importe da subcontratación expresado en euros serán excluídas.

C) Dirección de correo electrónico e/ou fax do licitador para os efectos de comunicacións

Axustarase ao seguinte modelo:

D. D^a..... con residencia _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____ con NIF nº _____ en nome propio ou en nome e representación da empresa _____ con NIF _____ e domicilio en _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____ teléfono _____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de

(Título: ...)

Autoriza para que as comunicacións relacionadas co citado contrato se efectúen nunha calquera das seguintes formas:

g. Fax: _____

h. Correo electrónico: _____

(Lugar, data e firma do proponente)



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

D) Compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes para iso.

Para estes efectos deberán presentar o seguinte documento:

D/D^a. con DNI e domicilio en
..... provincia de rúa
.....nº

en nome propio ou en representación da empresa

á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución do servizo

- Título:

Declara que se compromete a adscribir ó contrato os medios persoais e materiais necesarios para a execución do contrato e a presentar dentro do prazo establecido na cláusula 14 do presente prego que rexe a contratación a documentación xustificativa diso no caso de que a oferta sexa a máis vantaxosa.

(Lugar, data e firma do proponente)

O incumprimento deste compromiso de adscrición considerarase incumprimento de obrigación esencial para os efectos dispostos no art. 223.f TRLCSP.

E) Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

O Sobre B titulado “ Referencias Técnicas”

Conterá o seguinte:

a) No seu caso, acreditar que alomenos se está prestando, ou se prestou dentro dos últimos cinco anos (contados dende a data límite de presentación de propostas) un servizo análogo en, alomenos, tres concellos, mediante certificación orixinal de ditos concellos na que se especifique que o servizo ven funcionando normalmente.

b) Relación de equipos, maquinaria e medios técnicos e auxiliares para a prestación do servizo, que a empresa se compromete a pór a disposición do servizo e en qué condicións. (Relacionaranse os postos de traballo que a empresa pretenda adscribir ao servizo, no que ademais deberá especificar a categoría profesional, dedicación, retribucións e convenio colectivo de aplicación).

c) Declaración relativa á cifra de negocios global realizado pola empresa no curso dos tres últimos exercicios, informe de institucións financeiras, ou calquera dos outros medios sinalados no artigo 75 do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público

d) Memoria na que conste a proposta da posta en marcha e funcionamento do servizo, con aquelas melloras sobre o funcionamento previsto neste prego, que reporten un beneficio para o concello contratante.

e) Orzamento anual dos servizos. Os licitadores presentarán unha descomposición do prezo total anual a aboar polo Concello, distribuído nas diversas partidas que o integren, distinguindo cando menos os seguintes capítulos:

1.- Amortización – financiamento do investimento total en vehículos, maquinaria e calquera outro material inventariable.

2.- Gastos de persoal obtidos por aplicación dos prezos unitarios que correspondan, detallado por servizos, número de empregados e categorías.

3.- Gastos de combustible e lubricantes relativos ós vehículos e maquinaria adscritos os servizos.

4.- Outros gastos fixos anuais de mantemento e reparación de vehículos e maquinaria, vestiario do persoal, seguros, ferramentas e calesquera outros que teñan incidencia no contrato.

No prezo ofertado, estarán incluídos todo tipo de impostos que correspondan, incluído o I.V.E.

Toda a documentación presentarese en original ou fotocopia compulsada

O Sobre C: Subtitulado “Oferta económica” conterá:

Conterá a proposición económica formulada estritamente conforme ao seguinte modelo:

D./D^a..., veciñ@ de ..., con domicilio en ..., con DNI nº ..., actuando en nome propio (ou en representación de ..., DNI ou CIF:....., con enderezo en.....teléfono:.....segundo poder bastanteado que se achega) toma parte no procedemento negociado con publicidade para a adxudicación do contrato de Servizos de segregación recollida, transporte e tratamento ou vertido dos residuos depositados no Punto Limpo do Concello da Negreira, e a estes efectos fai constar:

1) Que acepta na súa integridade os pregos de cláusulas administrativas particulares do contrato de servizos de segregación, recollida, transporte e tratamento ou vertido dos residuos depositados no Punto Limpo do Concello de Negreira e de prescricións técnicas, e os documentos que os completan.



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf., 981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

2) Propoño como prezo do contrato:

Sen IVE (en letra e número)

IVE (en letra e número).....

Total (en letra e número).....

En ..., ..., de ... de 201....

O licitador (asinado e rubricado).

CLÁUSULA SÉTIMA: GARANTÍA PROVISIONAL

Non se esixe garantía provisional.

CLAÚSULA OITAVA: CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN. NEGOCIACIÓN

8.1. Órgano encargado da negociación: O órgano encargado da negociación será A Mesa de Contratación, designada polo órgano de contratación, terá carácter colexiado e cuxa composición se indica na cláusula decimo primeira.

8.2. Criterios de adxudicación: Os criterios para a adxudicación do contrato son os que figuran na Cláusula seguinte.

Criterios de negociación: Os criterios para a negociación do contrato son os que figuran na cláusula décima.

8.3. Negociación. O órgano encargado da negociación negociará cos contratistas as proposicións que estes presenten para adaptalas aos aspectos obxecto de negociación co fin de identificar a oferta máis vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios de adxudicación establecidos na cláusula novena.

8.4. Procedemento

A negociación articularase en tres fases:

Nunha primeira fase o órgano encargado da negociación avaliará as proposicións recibidas aplicando os criterios de adxudicación recollidos na cláusula novena, previa comprobación de que cumpren os requisitos esixidos no sobre A.

Nunha segunda fase o órgano de contratación comunicará a cada licitador a través da dirección de correo electrónico e/ou fax do licitador para os efectos de comunicacións indicada no sobre A) "Documentación", en que posición está, especificando as puntuacións totais e parciais obtidas por todas as proposicións admitidas, sen que en ningún caso poida divulgarse a identidade das persoas licitadoras.

A continuación convidará a todos os licitadores admitidos a presentar, nun prazo non superior a 48 horas, unha segunda oferta en relación cos aspectos de negociación que poidan ser mellorados polos licitadores e que se indican na cláusula décima (criterios de negociación).

Os licitadores deberán presentar unha oferta que mellore a inicial ou ratificarse expresamente na oferta presentada

As novas proposicións deberán sempre concretar a oferta que se realiza, polo que non se admitirá o ofrecemento xeral de igualar os termos da oferta máis vantaxosa doutro licitador nos criterios establecidos.

No procedemento facilitarase a mesma información a todos os licitadores. En ningún caso se proporcionará información particular que poida supor unha vantaxe para algún licitador en detrimento das outras. Co fin de garantir o principio de igualdade, o órgano de contratación habilitará o sistema que crea máis adecuado para dar publicidade de todas as consultas que se formulen ao longo do procedemento, e das correspondentes respostas, a todos as persoas interesadas outorgando un código alfanumérico a cada un dos licitadores.

En calquera momento do procedemento, o órgano de contratación poderá requirir aos licitadores que aclaren determinados aspectos da súa oferta, sen que poidan modificar nas súas aclaracións os elementos substanciais desta, e sempre que non se falsee a competencia.

Nunha terceira fase a Mesa de Contratación realizará a valoración definitiva e formulará a proposta de adxudicación ao órgano de contratación,

Todas as actuacións que leven a cabo durante a negociación remitiranse ao órgano encargado da tramitación do expediente de contratación.

8.5. Ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

8.5.1 Cando o órgano de contratación presuma fundadamente que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais , notificará esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días xustifiquen as ditas ofertas, acompañando a documentación pertinente. A xustificación realizada polos licitadores remitirase para informe dos Servizos Técnicos co fin de que emitan o dito informe.

8.5.2 Considerarase, en principio, como desproporcionada ou anormal as ofertas que estean nos seguintes supostos:

-Número de ofertas: 1. A oferta é con valores anormais ou desproporcionados se é inferior ao prezo de licitación en máis dun 16,67% o que equivale a dicir que a súa baixa porcentual é superior a 16,67%

- Número de ofertas: 2. Unha das ofertas resulta con valores anormais ou desproporcionados se é inferior a outra en máis dun 13,33%

-Número de ofertas: 3. Serán ofertas con valores anormais ou desproporcionados aquelas que sexan inferiores á media aritmética das ofertas presentadas en máis dun 6,67% da dita media. Con todo, excluírase para o



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

cómputo da media, a oferta máis elevada, cando sexa superior á media de todas en máis dun 6,67% desta. En calquera caso, consideraranse ofertas con valores anormais ou desproporcionados todas aquelas con baixas porcentuais superiores a 16,67

- Número de ofertas: 4 ou máis. Consideraranse con valores anormais ou desproporcionados aquelas ofertas que sexan inferiores á media das ofertas presentadas en máis dun 6,67% da dita media. No entanto, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a esa media en máis dun 6,67% desta, calcularase unha nova media só coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

8.6. Criterios de desempate

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu persoal maior número de traballadores con discapacidade (superior ao 2%) de conformidade co establecido na Disposición adicional 4ª do TRLCSP. Se varias empresas licitadoras, das que empataran canto á proposición máis vantaxosa, acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2 por 100, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal.

CLÁUSULA NOVENA: CRITERIOS DE VALORACIÓN CARA Á ADXUDICACIÓN

a).- Oferta económica: ata un máximo de 5 puntos.

A oferta máis económica, que non poida ser considerada como desproporcionada ou anormal, adxudicaránselle 5 puntos. As restantes ofertas puntuaranse de acordo coa seguinte fórmula:

$P = 5 * OM / OF$

P= puntuación obtida

OM= oferta económica máis baixa

OF= oferta do licitador.

b).- Calidade técnica do servizo que propoñen os licitadores: ata un máximo de 10 puntos.

c) .- Medios persoais e materiais adscritos ó servizo: ata un máximo de 15 puntos.

d).- Melloras relacionadas co concurso tales como : campañas publicitarias no Concello, horarios de atención ao público, máquinas limpadoras e teléfono, entre outras, nas instalacións do punto limpo e da planta de transferencia: ata un máximo de 10 puntos.

CLÁUSULA DÉCIMA: CRITERIOS DE NEGOCIACIÓN

Será criterio para a negociación do contrato a oferta económica.

CLÁUSULA DÉCIMO PRIMEIRA: MESA DE CONTRATACIÓN

A composición da Mesa de Contratación será a seguinte:

Presidente: Don Jorge J. Tuñas Caamaño ou membro da Corporación en quen delegue,

Vogais:

O Concelleiro Delegado de obras, urbanismo, parques e xardíns, Don Manuel Angel Léis Míguez,

Arquitecto municipal, Don Alfredo Varela Nogueira. Suplente: O Aparellador Municipal, don José Luis Gómez Cores

Secretaría xeral, Dona Asunción García Laseca

Interventor municipal, Don Francisco Javier Portela Amor.

A secretaría a exercerá un funcionario de Administración Xeral.

CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA: PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público exerce as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA: GARANTÍA DEFINITIVA

A garantía definitiva fíxase no 5%, IVE excluído, do prezo do contrato consonte establece o art 95 do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

CLAÚSULA DÉCIMO CUARTA.- ADXUDICACIÓN

14.1. Clasificación das proposicións. Concluída a fase de negociación, a Mesa de Contratación, proporá ao órgano de contratación a adxudicación ao licitador que presente a oferta máis vantaxosa.

Cando o único criterio que se considere sexa o prezo, entenderase que a oferta economicamente máis vantaxosa é a que incorpora o prezo máis baixo.

14.2. Unha vez formulada a proposta de adxudicación, o órgano de Contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta máis vantaxosa para que dentro do prazo de dez días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente:



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

a) A documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e da Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso.

b) Garantía definitiva: O documento acreditativo de constitución da garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 96 TRLCSP.

A administración poderá rexeitar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades, que estean en situación de mora fronte á administración contratante como consecuencia da falta de pagamento de obrigacións derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveren impagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requirimento de pago. Para estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar, en consecuencia, descoñecemento no caso de que o aval ou seguro for rexeitado pola administración.

c) Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometan a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

d) E deberá presentar, así mesmo, a seguinte documentación de conformidade co disposto no artigo 146.4 do TRLCSP:

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario

A-1) Empresario individual: Fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme a lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o for: Escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente Rexistro Oficial.

- Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada.

A-3) Empresas comunitarias. A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración

xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A.4) Empresas non españolas de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega). A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición adicional 14 TRLCSP).

A-5) Empresas non comunitarias.

1.- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2.- Informe de reciprocidade: As persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas empresas de estados signatarios do acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (art. 146.1.e do TRLCSP)

B) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España.

Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil. (art. 55 do TRLCSP).

C) Poderes:

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre perante a administración contratante.



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil

D) Bastanteo de poderes:

Os poderes a que se refire o apartado c) da presente cláusula, deberán bastantearse previamente polo/a secretario/a da Corporación ou funcionario/a habilitado/a.

E) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades:

Declaración responsable de que a empresa interesada non está incursoa en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 146.1.c e 60 do TRLCSP, axustado ao seguinte modelo:
D/Dª..... con DNI..... e domicilio en provincia de rúa nº..... en nome propio ou en representación da empresa..... á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de Servizos de Segregación, Recollida, Transporte e Tratamento ou Vertido dos Residuos Depositados no Punto Limpo do Concello de Negreira

Declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursoa en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 60 e 146.1.c do TRLCSP.

Así mesmo declara que está ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

(Lugar, data e firma do proponente)

F) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica:

No caso de que non sexa esixible a clasificación para a obra, os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira e a solvencia técnica por algún dos medios contemplados nos artigos 75 e 78 do TRLCSP, presentando por separado a documentación relativa a cada un dos dous tipos de solvencia.

G) Autorización para a cesión de información relativa a obrigacións tributarias e da Seguridade Social co Estado en procedementos de contratación.

Axustarase ao seguinte modelo:

D/Dª..... con residencia provincia de rúa nº..... segundo DNI nº..... en nome propio ou da empresa á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de Servizos de

Segregación, Recollida, Transporte e Tratamento ou Vertido dos Residuos Depositados no Punto Limpo do Concello de Negreira

Autoriza á administración contratante a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado e da Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de contratación o estime oportuno.

(Lugar, data e firma do proponente)

H) Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folia independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

14.3 De non cubrirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

Todo iso sen prexuízo do sinalado no art. 60.2.a, 61 e 61 bis do TRLCSP

14.4 O órgano de Contratación deberá adxudicar o contrato dentro do cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

14.5 A adxudicación notificarase aos licitadores e simultaneamente publicarase no perfil de contratante.

CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA: FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro dos oito días hábiles seguintes que hai que contar desde a data da notificación da adxudicación; o dito documento constituirá título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato se inscriba ante notario e correrán do seu cargo os correspondentes gastos.

CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA: REVISIÓN DE PREZOS

Non procede a revisión de prezos.



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA: PRAZO DE GARANTÍA

O obxecto do contrato quedará suxeito a un prazo de garantía de un ano, a contar desde a expiración do contrato.

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA: EXECUCIÓN DO CONTRATO

O contrato executarase suxeición ás estipulacións contidas neste prego de condicións e no prego de prescricións técnicas e de acordo coas instrucións que se darán ao contratista para a súa interpretación polo órgano de contratación.

CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA : RESOLUCIÓN DO CONTRATO

A resolución do contrato terá lugar nos supostos que se sinalan neste prego e nos fixados nos artigos 223 e 308 do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

CLAUSULA VIXÉSIMA- CONTROL DO SERVIZO

O Concello inspeccionará e vixiará os servizos contratados a través do seu servizo de inspección ou do que designe para o efecto. Ese servizo de inspección poderá revisar os traballos que efectúe o adxudicatario, así como o seu persoal e o estado do material e da instalación da contrata, en todo momento e lugar.

Se do incumprimento do contrato por parte do contratista se derivase unha perturbación grave e non reparable por outros medios o servizo público e a Administración non decidise a resolución do contrato, poderá acordar a intervención do mesmo ata que a perturbación desapareza. En todo caso, o contratista deberá aboar á Administración os danos e prexuízos que efectivamente lle tivese producido.

CLÁUSULA VIXÉSIMA PRIMEIRA: CONTINUIDADE NA PRESTACIÓN DO SERVIZO POR RAZÓNS DE INTERESE PÚBLICO.

Se unha vez rematado o contrato non puidera prestarse o servizo por non terse rematado o correspondente expediente de contratación, o adxudicatario seguerá a cumprir as obrigas e terá os dereitos que figuran e se lle atribúe neste Prego ata a sinatura do contrato procedente do mencionado expediente

CLÁUSULA VIXÉSIMA SEGUNDA.- OBRIGAS DO ADXUDICATARIO NOS EIDOS FISCAL, LABORAL E DA SEGURIDADE SOCIAL.-

A empresa contratista deberá cumprir as súas obrigas fiscais, laborais e coa Seguridade Social consonte ó disposto pola normativa vixente sobre o particular.

A sucesión de empresa, no seu caso, regularase polo artigo 44 do RDL 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e demais normativa atinente ó asunto e integrante das fontes da relación laboral enumeradas no artigo 3 do RDL 2/2015, de 23 de

outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, respecto do único empregado que presta servizos na actual empresa contratista (Prescripción Técnica 3, apartado primeiro do Prego de prescripcións técnicas do contrato de servizos de segregación, recollida, transporte e tratamento ou vertido dos residuos depositados no Punto Limpo do Concello de Negreira)

CLÁUSULA VIXÉSIMA TERCEIRA: RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

O presente contrato de servizos ten carácter administrativo, e ambas partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos do sector público e normas complementarias e se é o caso da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución así como as demais disposicións de desenvolvemento, en especial o regulamento de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltos polo órgano de Contratación, cuxos acordos poñerán fin á vía administrativa e contra estes haberá lugar a recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora da devandita xurisdición, previa interposición, se é o caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS DO CONTRATO DE SERVIZOS DE SEGREGACIÓN, RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRATAMENTO OU VERTIDO DOS RESIDUOS DEPOSITADOS NO PUNTO LIMPO DO CONCELLO DE NEGREIRA.

1. OBXECTO

O presente prego ten por obxecto contratar o Servizo de segregación recollida, transporte e tratamento ou vertido dos residuos depositados no punto limpo do Concello da Negreira,.

Un dos puntos clave para realizar unha boa política de reutilización e reciclaxe é a separación en orixe dos residuos. Para fomentar a dita separación constrúense os puntos limpos ou centros de recollida selectiva de residuos especiais. Nestes puntos limpos recíbense, previamente seleccionados pola cidadanía, determinados residuos urbanos.

2. OBXECTIVOS

2.1. Os seus obxectivos son:

- Aproveitar aqueles materiais contidos nos residuos sólidos urbanos que poidan ser reciclados directamente e conseguir un aforro



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

de materias primas e de enerxía, así como a separación dunha cantidade de residuos que é necesario tratar ou eliminar.

- Evitar o vertido incontrolado de residuos de gran tamaño que non poden ser eliminados por medio dos servizos convencionais de recollida de lixo.
- Separar os residuos perigosos que se xeran nos fogares evitando a eliminación conxunta destes co resto dos lixos ou mediante as redes de saneamento.

2.2. As condicións deste prego, teñen por obxecto a xestión do punto limpo localizado no Concello de Negreira. Dentro delas faise un estudo dos custos de transporte e tratamento ou eliminación nos centros autorizados dos residuos xerados como consecuencia da actividade de explotación deste, segundo a súa natureza e tipoloxía, en estrito cumprimento da normativa de aplicación.

3. SERVICIOS INCLUIDOS NO CONTRATO

En concreto, inclúese o seguinte:

- Contratación dun peón que se encontrará no punto limpo de luns a sábado catro horas cada día. Esta persoa recibirá os/as veciños/as no punto limpo, levará un control dos residuos que entran no horario en que estea aberto e cubrirá os partes pertinentes. Por outra banda, será o encargado de distribuír e separar os residuos dentro dos diferentes recipientes, do bo estado do punto limpo e do servizo de mantemento dos seus xardíns interiores.
- Servizo de xestión, organización, asesoramento, preparación e control do peón que se poña a cargo do punto limpo e supervisión dos movementos que teñan lugar neste: Estes servizos serán desenvolvidos por persoal con acreditada experiencia na xestión de puntos limpos. Encargaranse das xestións precisas para o adecuado almacenamento e transporte dos distintos residuos e realizarán as preparacións dos documentos e as notificacións previas aos organismos administrativos.
- Documentos e impresos precisos para o adecuado control dos movementos do punto limpo.
- Base de datos para coñecer en todo momento a evolución do punto limpo.
- Custos de retirada, transporte, tratamento e/ou vertido dos distintos residuos e dos recipientes homologados necesarios para estes seguindo as directrices que se indican no seguinte punto do prego; priorizarase a recuperación antes que o vertido ou a eliminación. Deberán contar cos permisos e autorizacións pertinentes.

3.1. Retirada, transporte, vertido, tratamento e/ou eliminación:

No momento en que se retire un contedor quedará outro baleiro no seu lugar ou devolverase no menor tempo posible para evitar que o punto limpo quede cun contedor menos.

Indícanse a continuación os residuos que se admitirán no punto limpo

- Papel, cartón
- Vidro
- Envases lixeiros
- Téxtil
- Metais: residuos férricos non perigosos. Almacenarase nun ou en dous contedores de 22 m³. (Non será preciso mover o contedor para retirar os residuos).
- Entullo: Almacenarase nun contedor de 15 m³ e levarase a un xestor homologado.
- Os residuos voluminosos (colchóns) levaranse a xestor autorizado. Almacenarase nos contedores específicos
- Madeira: (sempre que a madeira sexa limpa) levarase a FINSA. Almacenarase nos contedores específicos
- Os residuos de plástico e resto levaranse a xestor autorizado.
- Os residuos eléctricos e electrónicos (RAEE) non perigosos: Para cumprir coa normativa relativa á recollida de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos, o Concello de Negreira pretende asegurar a recollida selectiva dos RAEE procedentes dos fogares mediante a adecuación dun espazo no punto limpo do concello no que a cidadanía poida depositalos alí e a través da retirada por parte dun Sistema Integrado de Xestión.

O Concello delegará na empresa que faga a xestión do punto limpo os dereitos e as obrigas derivadas da xestión destes residuos, de xeito que se faga este servizo a cambio das subvencións existentes sen máis custo para o Concello.

Os RAEE perigosos almacenarase no recinto de residuos perigosos. No caso das pantallas de televisor e ordenador depositaranse en big-bags homologados para o seu almacenamento e transporte.

Os residuos perigosos transportaranse ata un xestor homologado:

- As pinturas, vernices e disolventes pastosos levaranse a Sogarisa ou a outro xestor autorizado para tratalos.



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf., 981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

- Os disolventes líquidos levaranse a Sogarisa ou a outro xestor autorizado para tratalos.
- Os aerosois levaranse a Sogarisa ou a outro xestor autorizado para tratalos.
- As radiografías transportaranse a Sogarisa ou a outro xestor autorizado para tratalos.
- A xestión dos fluorescentes farase a través de AMBILAMP sempre que siga existindo o convenio coa Xunta desta empresa e que o siga facendo a custo cero.
- A xestión dos aceites e baterías farase con PMA a custo cero mentres siga en vigor o convenio que teñen asinado coa Xunta.
- A xestión das pilas, farase con LIMCO sen custo para a empresa nin para o Concello, tendo en conta o acordo existente entre a Xunta e LIMCO e mentres dito acordo esté en vigor.
- Residuos electrónicos e eléctricos (RAEE) considerados perigosos: frigoríficos, conxeladores, equipos de aire acondicionado. O Concello traspasaralle a potestade sobre o servizo de xestión dos RAEE á empresa adxudicataria para poder organizalo cun Sistema Integrado de Xestión (SIX) de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE). O servizo farase a cambio das achegas económicas existentes para o dito propósito.
- Residuos electrónicos e eléctricos (RAEE) considerados perigosos: equipos de informática e telecomunicación e aparatos electrónicos de consumo (pantallas de ordenador e televisión fundamentalmente). O Concello traspasaralle a potestade sobre o servizo de xestión dos RAEE á empresa adxudicataria para poder organizalo cun Sistema Integrado de Xestión (SIX) de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE). O servizo farase a cambio das achegas económicas existentes para o dito propósito.

A xestión do punto limpo non inclúe a luz e a auga do dito centro, a cal será por conta do Concello.

SEXTO.- CONTRATO DE SERVIZOS DE AXUDA A DOMICILIO.- EXTINCIÓN.

Con data de 8 de xaneiro de 2015 subscribiuse co representante legal da empresa "Atendo Calidade S.L." contrato de servizos de Axuda a Domicilio.

Acudindo á lei particular do contrato, que é o Prego de cláusulas administrativas particulares , a Cláusulas Quinta.- Duración do contrato, dí o seguinte:

"O contrato estará en vigor dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2015 agás que a Comunidade Autónoma se faga cargo do servizo con anterioridade excluindo ó Concello da prestación do mesmo (Disposición Transitoria Segunda, Lei 27/2013, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.

Dado o carácter público do servizo contratado, se chegado o termo do período de contratación, o Concello de Negreira non conta cun novo adxudicatario e se estima necesaria a pervivencia do contrato, a empresa adxudicataria deberá continuar coa prestación do servizo ata que un novo adxudicatario se faga cargo do mesmo e por un prazo máximo de catro meses, nas condicións vixentes nesa data."

Por outra banda, o Anexo I: Cadro de características do contrato, Epígrafe 4. Duración do contrato dí: *"Desde sinatura do contrato ata o 31 de decembro de 2015 consonte á Cláusula Quinta"*

De acordo con todo o anterior, e vistos os Informes emitidos por Secretaría con data de 12 de abril de 2016 e de Intervención , de data 13 de abril de 2016, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Constatar que a data de extinción do contrato de servizos de Axuda a Domicilio asinado coa representación legal da empresa "Atendo Calidade S.L." o 8 de xaneiro de 2015, será o próximo día 30 de abril de 2016, tendo en conta o Prego de cláusulas administrativas particulares rector desta contratación, consonte se indica nos Exponendos desta Resolución.

Segundo.- Comunicar este acordo á empresa interesada ós efectos oportunos.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

SÉTIMO.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: "MEJORA DE CAMINOS MUNICIPALES DE ACCESO A EXPLOTACIONES AGRARIAS 2016" (FEADER 2014/2020) - APROBACIÓN DO EXPEDIENTE.



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf., 981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

Obra no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares, que será o Prego-Tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento negociado sen publicidade das obras comprendidas nos Plans Provinciais aprobado pola Deputación Provincial da Coruña e publicado no BOP nº 3, de data 7 de xaneiro de 2016.

O Proxecto Técnico, redactado polo Arquitecto Municipal Don Alfredo Varela Nogueira, de data febreiro de 2016 figura igualmente coma parte integrante do expediente.

A cláusula 10 do mencionado Prego terá a redacción seguinte: Cumprirá a consulta a, polo menos 3 empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que elo sexa posible.

En cumprimento dos artigos 109 e seguintes así como do artigo 115 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da lei de Contratos do Sector Público e do artigo 67 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda o seguinte:

Primeiro.- Aprobar o “Anexo I: Cadro de características do contrato” ó prego-tipo ó que se fai referencia no principio deste acordo.

A continuación do presente acordo transcríbese o contido do referido anexo ó prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- Aprobar o Anexo IV.- Medios personais e materiais, que se transcribe despois do Anexo I.

Terceiro.- Aprobar o Anexo V

O prego tipo citado ao principio deste acordo e os Anexos serán a Lei particular do contrato da presente obra.

Cuarto.- Aprobar o expediente de contratación.

Quinto.- Aperturar o procedemento de adxudicación, realizando consulta, polo menos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, ós efectos da cláusula 10 do Prego á que se refire o encabezamento deste acordo.

Sexto.- Que, con posterioridade, se sigan os trámites legais para o remate do expediente.

ANEXO I: CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

1. PROXECTO	MEJORA DE CAMINOS MUNICIPALES DE ACCESO A EXPLOTACIONES AGRARIAS 2016 (FEADER 2014/2020)
-------------	--

2. CODIFICACIÓN	A. Clasificación de produtos por actividades (CPA-2009)	
	B. Vocablo común de contratos	
2. ORZAMENTO	A) Obras anuais Base Imponible: Importe IVE: Total:	91.933,38 € (IVE incluído) 75.978,00 € 15.955,38 €
	B) Obras plurianuais A) Obras anuais Base Imponible: Importe IVE: Total:	Exercicio Orzamentario Importe (IVE incluído) 201...
4. VALOR ESTIMADO	Base Imponible: 10% (modificación de proxecto): 10% (certificación final): Total:	
5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA	453-609.00	
6. PRAZO DE EXECUCIÓN	55 DÍAS	
7. CLASIFICACIÓN PARA EFECTOS DE ACREDITACIÓN DE SOLVENCIA	Grupo Subgrupo Categoría	
8. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS	☒ 1.- Rexistro Xeral da administración convocante ou no seu caso Rexistro especial da entidade (indícalo neste caso....), con domicilio en _____ ☒ 2.- Oficina de Correos Comunicación do envío por medio de oficina de correos: Domicilio da entidade contratante Nº de FAX da entidade contratante 981 88 53 28 Correo electrónico da entidade contratante _____	
9. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN	8 días naturais contados desde o día seguinte á recepción da petición de oferta Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Negreira, R/Carmen nº 3.- 15830.- Negreira (A Coruña) O horario de presentación será de 8.00 a 15.00 de luns a venres agás no caso dos sábados, nos que o horario será de 10.00 a 13.00 horas.	
10. PORCENTAXE SUBCONTRATACIÓN	% do prezo de adxudicación	
11. COMPROMISO DE CONTRATAR A TRABALLADORES DESEMPREGADOS	☒ NON SE ESIXE ☐ SI SE ESIXE Nº DE TRABALLADORES	
12. MODALIDADE DE CONSULTA	Consultar, polo menos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato	
13. GARANTÍA DEFINITIVA	5% do importe da adxudicación, IVE excluído	
14. TAXAS DO CONTRATO	As que fixa a Ordenanza fiscal reguladora	
15. REVISIÓN DE PREZOS	A) Obras anuais: NON PROCEDE B) Obras plurianuais: B1. NON PROCEDE ☐ (Cláusula 4.2) B2. PROCEDE ☐ FORMULA	



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

16. CONTROL DE CALIDADE	Ver cláusula 29
17. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN POR CONTA DO CONTRATISTA	

17. -OUTROS DATOS:

17.1 INFORMACIÓN.

PERFIL DE CONTRATANTE: Na páxina web do Concello:
www.concellodenegreira.es

TELÉFONO: 981-885250

CORREO ELECTRÓNICO: concello@concellodenegreira.es

CARTEL DE OBRA.

17.2.- ORGANO ENCARGADO DA NEGOCIACIÓN: A composición será a seguinte:

Presidente: Don Jorge J. Tuñas Caamaño ou membro da Corporación en quen delegue,

Vogais:

O Concelleiro Delegado de obras, urbanismo, parques e xardíns, Don Manuel Angel Léis Míguez,

Arquitecto municipal, Don Alfredo Varela Nogueira. Suplente: O Aparellador Municipal, don José Luis Gómez Cores.

Secretaria xeral, Dona Asunción García Laseca

Interventor municipal, Don Francisco Javier Portela Amor.

A secretaría a exercerá un funcionario de Administración Xeral.

18.- LUGAR ONDE SE PODEN OBTENIR COPIAS DO PROXECTO E DO PREGO: Secretaría do Concello de Negreira.- Concello de Negreira.- R/Carmen nº3.-15830.- Negreira.

ANEXO IV.- MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS REQUIRIDOS PARA A EXECUCIÓN DA OBRA

(Cláusula 12.1. apartado F)

1.- MEDIOS PERSOAIS:

CATEGORIA PROFESIONAL	TITULACIÓN REQUIRIDA	NÚMERO PERSOAS

2. MEDIOS MATERIAIS:

	CARACTERÍSTICAS	Nº UNIDADES	OBSERVACIÓNS
--	-----------------	-------------	--------------

2.1. MAQUINARIA			
2.2. EQUIPOS			
2.3. MEDIOS AUXILIARES			

ANEXO V:

V.I. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

☐ A) Programa de traballo (cláusula 15):

Valorarase ata **10 puntos** conforme á seguinte desagregación (expresado en dous decimais)

Ofertas que presenten un programa de traballo específico e totalmente adaptado á obra	Ata 8-10 puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo específico e adaptado á obra	Ata 6-7,99 puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo xenérico e parcialmente adaptado	Ata 4-5,99 puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo insuficiente	Ata 2-3,99 puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo non adaptado e incompleto	Ata 0-1,99 puntos

☐ B) Actuación ambiental (cláusula 15):

Valorarase de ata **10 puntos** conforme á seguinte desagregación (expresado en dous decimais)

Ofertas que presenten unha actuación ambiental específica e adaptada á obra	Ata 7-10 puntos
Ofertas que presenten unha actuación ambiental xenérica e parcialmente adaptada	Ata 4-6,99 puntos
Ofertas que presenten unha actuación ambiental insuficiente	Ata 2-3,99 puntos
Ofertas que presenten unha actuación ambiental non adaptada e incompleta	Ata 0-1,99 puntos

☐ C) Plan de control de calidade (cláusula 15)

Valorarase ata **5 puntos** conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaráanse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan)

Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade específico e	Ata 5 puntos
---	---------------------



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf., 981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

totalmente adaptado á obra	
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade específico e adaptado a obra	Ata 4 puntos
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade xenérico e parcialmente adaptado á obra	Ata 3 puntos
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade insuficiente	Ata 2 puntos
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade non adaptado e incompleto	Ata 1 puntos

☐ D) Esquema do Plan de seguridade e saúde (cláusula 15)

Valorarase ata **10 puntos** conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaráanse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan)

Ofertas que presentan un esquema do plan de seguridade e saúde específico e adaptado á obra.	Ata 10-7 puntos
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde xenérico e parcialmente adaptado.	Ata 6,99- 4 puntos
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde insuficiente.	Ata 3,99- 2 puntos
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde non adaptado e incompleto	Ata 1,99-0 puntos

☐ E) porcentaxe de control de calidade (cláusula 15)

Valorarase ata **8 puntos** conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaráanse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan)

PORCENTAXE DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE (cláusula 15)	Outorgarase a máxima puntuación á/s proposicións que oferten a maior porcentaxe e as restantes proposicións puntuaranse proporcionalmente	Ata 5 puntos
PORCENTAXE DE CONTROL EXTERNO DE CALIDADE (cláusula 15)	Aumento da porcentaxe de control de calidade externo calculado sobre o orzamento de execución material, sen ter en conta o 1% a que se refiren as cláusulas 12 e 29. Calcularase aplicando a seguinte fórmula: 3 puntos X ____% de incremento sobre execución material (expresado en dous decimais)	Ata 3 puntos

☐ F) Redución de prazos de execución (cláusula 15)

Valórase ata **0 puntos** conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaráanse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

Calcularase aplicando a seguinte fórmula elaborada polo Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela (<http://www.dicoruna.es/valoracion/>).

□ G) Oferta económica (cláusula 15) Valórase ata **25 puntos** conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

Calcularase aplicando a seguinte fórmula elaborada polo Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela (<http://www.dicoruna.es/valoracion/>)

V.II. CRITERIOS DE NEGOCIACIÓN (SÓ SE PODERÁ NEGOCIAR SOBRE ASPECTOS QUE SEXAN ESTABLECIDOS COMO CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN (ANEXO V.I):

□ A) Porcentaje de control de calidade (cláusula 15)

PORCENTAXE DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE (cláusula 15)
PORCENTAXE DE CONTROL EXTERNO DE CALIDADE (cláusula 15)

□ B) Redución de prazos de execución (cláusula 15) **NO**

C) Oferta económica (cláusula 15) **25 puntos**

OITAVO.- RECOÑECIMIENTO E LIQUIDACIÓN DE DEREITOS E OBRIGAS NA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL.

Á vista dos correspondentes expedientes, a Xunta de Goberno Local, adoptou, por unanimidade, os seguintes acordos:

a) Apróbanse as seguintes facturas:

17	ALQUILERES BRAÑA RICA	30/11/2015	12733	210,49
30	LAU CREACIONES	15/12/2015	F 15982	653,40
68	APER SEGURIDAD	04/01/2016	A160113	249,26
72	FANTASIA ANIMACION (OCIO MARINEDA)	08/01/2016	11/01	655,41
75	TOLDOS GOMEZ	30/12/2015	15A/008997	127,05
80	SERVIGAL	31/12/2015	A150861	145,20
110	REGALOS CAMURI	13/01/2016	1/16	121,60
162	CAFÉ BAR IMPERIAL	04/02/2016	22842	728,00
203	FOGA	30/12/2015	99006414	114,84
204	FOGA	30/12/2015	99006415	81,53
205	FOGA	30/12/2015	99006416	2.808,71
206	GST	31/12/2015	A15 526	700,02
265	SERVIPLUSTOTAL	04/01/2016	16000 003	1.071,70
266	SERVIPLUSTOTAL	04/01/2016	1600000 4	888,60
267	SERVIPLUSTOTAL	04/01/2016	1600000 5	1.268,24
268	SERVIPLUSTOTAL	04/01/2016	1600000 6	74,17
270	SERVIPLUSTOTAL	04/01/2016	1600000 8	1.927,69



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf. 981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

271	SERVIPLUSTOTAL	04/01/2016	1600000 9	1.951,89
272	SERVIPLUSTOTAL	04/01/2016	1600000 10	723,58
315	CARMEN VAZQUEZ PENSADO	31/01/2016	A/2347	459,80
334	REGALOS CAMURI	05/02/2016	2/16	88,60
358	ATENDO CALIDADE	31/01/2016	A 331573	4.249,44
359	ATENDO CALIDADE	31/01/2016	A 331574	960,96
360	ATENDO CALIDADE	31/01/2016	A 331575	1.161,60
386	FUNERARIA GENESIS	20/02/2016	84/16	93,50
407	BOSQUE DA DEvesa	26/02/2016	9	1.167,10
426	FERNANDO IGLESIAS FERREIRO	03/03/2016	36/16	440,90
446	FERNANDO IGLESIAS FERREIRO	08/03/2016	37/16	202,41
448	SANTIAGO CORDEIRO RAMOS	07/03/2016	1	250,47
449	SANTIAGO CORDEIRO RAMOS	07/03/2016	2	450,12
450	SANTIAGO CORDEIRO RAMOS	07/03/2016	3	450,12
468	PROTEL	01/12/2015	15M/4299	463,19
505	EUROCONTROL	15/03/2016	16FV024/00441	152,98
523	ORVISAHOUSE	07/03/2016	6	205,70
535	BREOGAN DEPORTES	28/03/2016	12/2016	100,00
539	CONFECCIONES CASTRO	31/03/2016	2016/4	105,00
574	URANIA CONSULTORES	01/04/2016	16 8	1.268,75
604	ITNOR	05/04/2016	2016/0040	220,27
648	SOCIEDADE VEIGA DO COTON	08/04/2016	02/16	1.200,00
658	GST	13/04/2016	FV16000138	511,78
686	ROCIO BUA GONZALEZ	31/03/2016	2016002	1.727,45
687	ROCIO BUA GONZALEZ	05/04/2016	2016003	1.727,45
688	ROCIO BUA GONZALEZ	11/04/2016	2016004	1.727,45

b) Apróbase o pago das seguintes indemnizacións por razón do servizo:

Interesado	Concepto	Itinerario	Importe
María Jesús Cao Meitín	Talleres maiores xaneiro 2016	Int. Concello	26,73 €
María Jesús Cao Meitín	Talleres maiores febreiro 2016	Int. Concello	24,55 €
María Jesús Cao Meitín	Talleres maiores marzo 2016	Int. Concello	21,36 €

c) Apróbase a devolución de 110,00 € a D^a Sara Lamas Otero, con DNI 33.258.769-X, ingresados neste Concello en concepto de pago por asistencia de dúas nenas aos Campamentos do Val de Barcala 2015, e aos que finalmente non obtiveron praza.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidencia deu por rematado o acto, finalizando a sesión ás trece horas e cincuenta minutos, de todo o que eu como Secretaria certifico.-



